

## REGULAMENTO DA V CARREIRA POPULAR DE XERMADE

**Artigo 1:** O concello de Xermade organiza a V Carreira Popular de Xermade. a proba organizarase o próximo día 15 de Novembro ás 17:00 horas, con saída da Praza do concello (no caso de que o tempo non o permita será desde o pabellón polideportivo) e discorrerá por vías do concello de Xermade

**Artigo 2:** A proba estará aberta a todos os atletas, federados ou non, sin distinción de sexo ou nacionalidade. Cada atleta participa Baixo a súa responsabilidade e dispón de unha condición física suficiente para rematar a proba.

**Artigo 3: Percorrido, distancia e horarios:** O circuito será sobre asfalto e estará pechado a todos os vehículos agás os autorizados pola organización. o recorrido estará controlado por vehículos da organización.

CATEGORIA	ANO DE NACEMENTO	DISTANCIA	HORARIO
Prebenxamín	2009-2008	100 m.	16:00
Benxamín	2007-2006	500 m.	16:10
Alevín	2005-2004	800 m.	16:20
Intantil	2003-2002	800 m.	16.20
Cadete	2001-2000	1800 m.	16:40
Xuvenil	1999-1998	1800 m.	16:40
Absoluta	1997 e anteriores	6.300 m.	17:00

### Artigo 4: Condicións de Participación

- As inscrición faranse a través da paxina web da federación galega de atletismo.
- As inscrición pecharanse o xoves día 13 ás 23:59 horas.
- Non se admitirén inscricións o día da proba
- Os participapantes comprométense a aceptar o presente reglamento da proba, así como as posibles modificacións que poidan xurdir o día da proba
- A inscrición da proba é persoal e intransferible
- A realización da inscrición implica ter lido, entendido e aceptado o reglamento da proba, incluíndo o punto referente á condición física do participante, que sea suficiente para a realización da proba.
- No caso de que xurda algunha dúbida ou discrepancia acerca do reglamento, a decisión que dará en man da organización.
- A proba estará controlada pola Federación Galega de Atletismo, e estarán capacitados para descalificar a calquera atleta que incumpla o reglamento

<b>CATEGORIA</b>	<b>ANO DE NACEMENTO</b>
Pre-benxamín	2009-2008
Benxamín	2007-2006
Alevín	2005-2004
Intantil	2003-2002
Cadete	2001-2000
Xuvenil	1999-1998
Sub-23	1997-1992
Senior	1991-1980
Veterán A	1979-1964
Veterán B	1963-anterores

#### **Artigo 6. Inscripción:**

A inscrición farase exclusivamente a través da paxina da Federación Galega de atletismo e terá un custe de 5 € por persoa. a inscrición na carreira de menores será gratuita

#### **Artigo 7: Retirada de Dorsáis:**

Os dorsáis retiraranse o día da proba na zona habilitada pola organización, ata media hora antes da saída de cada proba.

#### **Artigo 8: Premios**

- Todos os participantes recibirán un agasallo conmemorativo.
- Haberá trofeos ós tres primeiros de cada categoría, tanto masculina como feminina.
- Non haberá premios en metálico

#### **Artigo 9: Avituallamento:**

Haberá avituallamento líquido ó rematar a proba na zona de meta.

#### **Artigo 10: Seguro**

A proba conta con un seguro que cubra os posibles danos e responsabilidade civil, da licenza de día creada pola federación

**NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13- 15008 A Coruña.